

Diana Cazadora

Mamá sempre me deixa ir xogar, non di nada, só sorrí; non fala moito, bueno, é que non sabe, fala cousas dela nada máis, non lle dou ensinado. Aínda así, é xenial.

Hoxe imos á casa dos peixes, imos moitas veces, polo monte. É moi fácil baixar e o coidador nunca nos rifa, eso sí, algúns míranos raro; pero eu paso deles. A min non me gusta que chova, non me gusta nada, a auga dame arrepiós, cando mamá me quere bañar trato de fuxir, pero sempre me acaba convencendo, mira que llo explico, que non, que me da alerxia, que non me gusta, pero ela nin caso. Cando chove, subo e xogo cós veciños de enriba, son pequenos pero moi divertidos, xogamos ás carreiras e a pillar, eles fan sempre trampas, e aínda así gano eu sempre. Unha vez na rúa collemos pola de Cervantes cara a de Hércules e despois, despois, ven o difícil, cruza-lo paseo marítimo. Ser, somos grandes, pero nada, eles nin nos ven, veñen coma tolos e se non unhas pernas atléticas pillante e xa. Mamá unha vez asustouse moito, ela fora da-lo seu paseo de cotío e eu ía cruzar, non me dera tempo pedirlle permiso antes de marchar; ela tratou de avisarme á súa maneira, é que non sabe deci-lo meu nome. Eu botei unha carreiriña e... non me berrou, nunca me berra, e mira que as veces fago cada unha ...

Eu prefiro ir despois de cear, porque todo está máis tranquilo e mamá non ten que agardar para darme a cea; o coidador fai que non nos ve, está ó seu, a min as focas gústanme moito, sempre que imos, quedamos alí con elas, pero a elas tamén lles gusta eso da auga, aló cada un cás suas manías. A verdade é que véndoas parece divertido, mergúllanse, dan voltas, xogan ó balón. Unha vez case me tiro. Á xente facémoslle gracia, algúns sácanos fotos, mamá ten moitas fotos miñas, das que me saca ela, non das que saca a xente esta. O outro día aínda nos sacou unha ós tres. E ás veces, cando non ten que facer, perségume para ver se fago unha das miñas e despois partirse vendo a foto, éche así, hai que aguantala.

- Así que ti es Diana - dime o visitante, aloumiñándome - debes ser boa cazadora logo

- Eso pensaba eu, pero un día subín ó faiado e vina xogando cós ratos - mamá, sorrindo